

DIR ECC IÓN de ESC ENA

E S A D GALICIA
Escola Superior de Arte Dramática

Máis cerca do que pensas



Novo Centro Superior das Artes Escénicas en Vigo

A Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Galicia conta xa coa primeira fase da que é a súa sede definitiva, un conxunto de tres edificios que converterán esta escola nun centro de referencia na **formación**, a **creación** e a **investigación escénica**.

- Aulas prácticas con equipamento técnico e aulas teóricas.
- Aulas de ensaio a disposición do alumnado.
- Aulas de escenografía, caracterización e indumentaria.
- Auditorio para creación e exhibición teatral.
- Biblioteca.
- Servizo de cafetería e comedor.



Titulación Superior en DIRECCIÓN DE ESCENA

A ESAD de Galicia é un centro público que ofrece catro titulacións superiores en Arte Dramática: **Interpretación**, **Dirección de Escena**, **Dramaturxia** e **Escenografía**. Ofrece estudos de posgrao en colaboración coa Universidade de Vigo. As súas ensinanzas estarán integradas no Espazo Europeo da Educación Superior (EEES).

A **Titulación Superior en Dirección de Escena** ten unha duración de 4 anos e a ESAD é o único centro que a ofrece na nosa comunidade. O seu currículo está integrado por materias como:

- Dirección de actores
- Iluminación
- Prácticas de dirección de escena
- Dramaturxia
- Prácticas de interpretación
- Historia da posta en escena
- Espazo escénico
- Producción
- Indumentaria e caracterización
- Espazo sonoro

■ Saídas profesionais

- Creación e dirección de espectáculos en todas as artes escénicas: teatro, danza, ópera, circo, ballet, zarzuela e presentacións escénicas.
- Creación e dirección no audiovisual: cine, radio, televisión, vídeo, publicidade e outros medios.
- Dirección e asesoría de repertorios, selección de persoal e programación escénica, dirección de teatros e auditorios. Dirección e asesoría de proxectos de ocio e entretemento.
- Producción e xestión teatral ou audiovisual, dirección de programas de animación virtual, dobraxe e publicidade.
- Docencia teatral e investigación no campo das artes escénicas.